

OS INCENDIOS FORESTAIS DO CAMBIO GLOBAL XA ESTÁN AQUÍ. UN DESAFÍO E UNHA OCASIÓN PARA LOGRAR UNHA RESPOSTA SOCIAL CONSENSUADA

José A. Vega¹

Stéfano Arellano-Pérez²

Cristina Fernández¹

Teresa Fontúrbel¹

Ana Daría Ruiz²

DOI: 10.17075/unxl.2021.002

¹ Centro de Investigación Forestal de Lourizán, Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia

² Unidade de Xestión Ambiental e Forestal Sostible (UXAFORES), Departamento de Enxeñaría Agroforestal, Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Universidade de Santiago de Compostela

Este estudo foi financiado polo Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), mediante os proxectos RTA2014-00011-C06-02 e RTA2017-00042-C05-02, cofinanciados por FEDER (Comisión Europea). Tamén se recoñece o financiamento do Plan de Mellora e Innovación Forestal (2010-2020) da Xunta de Galicia e o de INDITEX. Os autores agradecen o traballo de Elena Pérez coa elaboración de bases de datos.

O lume no ámbito dos países mediterráneos é un feito cultural e ecolóxico inevitable, pero unha catástrofe evitable (FAO 2008). Aínda en condicións meteorolóxicas extremas, os desastres de incendios forestais non son inevitables

(Calkin, Cohen, Finney e Thompson 2014; Cohen 2008; Tedim e Leone 2017).

Os humanos alteraron o papel que o lume desempeñou historicamente, ao proporcionar equilibrio ecolóxico. Necesitamos repensar a nosa visión do lume e aceptar a súa presenza, cambiando a forma de xestionar as terras e de planificar as nosas comunidades
(Pyne 2020).

O lume e o uso da terra son parte dun sistema conxunto
(Butsic et al. 2015).

É especialmente crítico aprender a xestionar os incendios forestais dun xeito que reduza os riscos aos núcleos de poboación e ao mesmo tempo permita a sustentabilidade dos recursos importante para a estabilidade da biota nativa

(Pausas e Keeley 2009).

INTRODUCCIÓN

O incendio forestal en Galicia pode considerarse un exemplo dun proceso capaz de xerar o que na literatura de xestión de riscos se vén cualificando como «risco sistémico» (Klinke e Renn 2002, Renn 2008), caracterizado por mostrar unha

alta complexidade, incerteza e ambigüidade, así como polo seu potencial para producir importantes efectos sociais, económicos e ambientais. A isto habería que engadir outros trazos distintivos, tales que a súa persistencia no tempo e a aptitude para desencadear pola súa vez outros riscos, o chamado «efecto fervenza». As consecuencias hidrolóxico-erosivas dos incendios en Galicia, que frecuentemente se converten en ameazas de posibles novos danos a persoas, bens e recursos (Vega *et al.* 2013a), ilustran ben esa capacidade do incendio de provocar riscos engadidos.

Con todo, o lume é moito máis que unha fonte de risco; é un fenómeno físico e ecolóxico e tamén social e cultural (Pyne 2000 e 2007, Myers 2006, Bowman *et al.* 2011, Belcher 2013, Scott 2018, Scott *et al.* 2014, Roos *et al.* 2016, McLaughlan 2020). En Galicia, o lume, con todas as súas variantes (queima, estivada etc.), foi usado inveteradamente no ámbito rural, vencellado á agricultura e ao pastoreo (Kaal *et al.* 2008, Bouhier 1979, Díaz-Fierros 2018), o mesmo que nos países do sur de Europa e outras moitas partes do mundo (Vélez 1986, 1991 e 2005, Seijo e Gray 2012). O lume cumpre ademais un papel ecolóxico moi importante (Pausas *et al.* 2019a) que a nosa sociedade urbana, en xeral, non acaba de comprender ben, igual que tampouco acepta facilmente as consecuencias que dese feito se derivan (Tedim *et al.* 2015 e 2020). Como Bowman *et al.* (2011) sinalan, esa ambigua relación de moitas culturas co lume, a escala da paisaxe, tradúcese en tensións políticas entre grupos que contan con modelos de xestión do lume que compiten entre si. Sen dúbida, en Galicia sábese diso. Tamén pode ser que os traballos científicos axudasen a esa visión só negativa do lume, ao estaren máis centrados en salientar os seus efectos negativos que en ofrecer unha perspectiva máis holística e equilibrada. Todo iso contribuíu a favorecer a estendida percepción catastrofista do lume, fomentada, así mesmo, pola maioría dos medios. De feito, o recoñecemento do carácter dual do lume, capaz de xerar tanto beneficios como danos (Milne *et al.* 2014, Pausas e Keeley 2019a e 2019b, Ingalsbee 2017, He *et al.* 2019, DePietri e Orenstein 2019, Sil *et al.* 2019a), é un punto clave da mudanza de mentalidade necesaria (Tedim *et al.* 2019) para adaptarse ao cambio dos réximes do lume por mor do cambio global. Ese cambio está a producir dramáticas consecuencias nunha sociedade non suficientemente preparada (Nature geoscience 2019, Bowman *et al.* 2017 e 2020).

Do mesmo xeito que outros territorios europeos, Galicia está inmersa nun proceso de cambio global. Aos desafíos producidos por un acelerado curso de mudanzas socioeconómicas, particularmente no eido rural (Calvo-Iglesias *et al.* 2009, Vélez 2009, López Iglesias 2018, Corbelle e Crecente, 2014, Regos *et al.* 2014), hai que engadir os efectos do cambio climático. Os dous tipos de cambio ocorren ao mesmo tempo e afectan ao problema dos incendios forestais. A sociedade galega ten aínda presente o impacto producido por dramáticos episodios de incendios recentes, como a vaga do lume de outubro de 2017, que deixaron unha notable percepción colectiva de vulnerabilidade fronte a eses eventos e unha profunda preocupación pola posibilidade de que se repitan. Os catastróficos incendios de Portugal, en xuño e outubro de 2017, aumentan tal apreciación. En calquera caso, esa visión do lume non parece promover na sociedade o recoñecemento de que ela mesma contribuíu ao risco. Aínda que este non é o lugar para tratar *in extenso* as causas do problema dos incendios en Galicia, temos que recoñecer que ten raíces profundamente sociolóxicas. Isto é común con outros moitos territorios onde os lumes son causados en máis dun 95 % polos humanos. En realidade, a sociedade desenvolveu pautas de comportamento traducidas en continuos incrementos da cantidade e continuidade do combustible acumulado e, ao mesmo tempo, non resolveu problemas clave relativos á ordenación do espazo rural, conflitos de uso da terra entre os actores rurais e tensións derivadas de visións contrapostas do monte na poboación urbana e rural, entre outras. Tamén coaduxeron políticas de reforestación extensa durante anos, sen os necesarios labores silvícolas, plantacións desordenadas de especies forestais sen coidados culturais, por parte de moitos propietarios, abandono de áreas agrícolas e forestais, invadidas logo de matogueira e arboredo ventureiro (Azevedo *et al.* 2011, Moreira *et al.* 2011, Fernandes *et al.* 2016b, Sil *et al.* 2019b). A chamada *transición forestal* (Mather, 1992, Mather e Needle 1998, Rudel *et al.* 2005 e 2010) percorreu en Galicia e moitos países europeos o camiño inverso á *agrarización* dos séculos pasados, ofrecendo novas producións, beneficios e servizos ecosistémicos ao tempo que creando tamén tensións sociais, desaxustes, disfuncionalidades e redución dalgúns deses servizos (Guijarro *et al.* 2018, Varela *et al.* 2020). A iso hai que engadir as prohibicións e restricións de uso do lume durante anos (Guitián Rivera 1999) e a primacía da extinción como as dúas principais ferramentas da xestión dos lumes (Fernandes 2008). Con todo, estas

dúas últimas respostas resultan parcialmente comprensibles, nun contexto caracterizado polo excesivo número e recorrencia de lumes, ás veces usados como ferramenta de confrontación política e social (Rico Boquete 1994, 2000 e 2018, Balboa-López 1999, Seijo 2005, 2009 e 2012) e prolongadas no tempo, sen que unha parte da sociedade (maioritariamente urbana) demostrase verdadeiro interese por resolver o problema. Así mesmo, a construción de edificacións xunto a espazos forestais, o desenvolvemento dun urbanismo difuso e unha falta de ordenación dos usos do territorio contribuíron notablemente, entre outros factores, a ese resultado. Hoxe sinálase que a extinción dos incendios custe o que custe tamén puido contribuír a agravar o problema. Ese esforzo de extinción de todos os lumes –debido, en gran parte, á súa demonización e á consecuente presión mediática social e política (Delgado Arango 2018, Pérez-Pereiro *et al.* 2018, Conde Vázquez 2019) sobre os xestores técnicos do lume– é un mal endémico en case todos os países e comporta a inevitable absorción de recursos que poderían destinarse á prevención e outras actividades forestais (Fernandes 2008, Thompson *et al.* 2015 e 2018). Con esa actuación estase tamén indirectamente contribuíndo á acumulación de combustible e podemos facer os incendios cada vez máis extensos e perigosos, e xerar o ben coñecido paradoxo da extinción (Collins *et al.* 2013, Calkin *et al.* 2014 e 2015, North *et al.* 2015, Moreira *et al.* 2019) ou caer na «trampa da extinción» (Collins *et al.* 2013, Castellnou *et al.* 2020, Xanthopoulos *et al.* 2020). Con todo, en territorios como Galicia, cun persistente elevado número de ignicións e un alto risco para numerosos núcleos de poboación, o control do lume resulta especialmente necesario e, por tanto, ese equilibrio supón un difícil reto.

É ben sabido que Galicia xunto co norte-centro de Portugal constitúen os territorios da UE que presentan maior ocorrencia e extensión de incendios forestais (Biro 2009, San-Miguel-Ayanz *et al.* 2013 e 2018), que xeran nesas rexións problemas de gran dimensión social, económica e ambiental. Son territorios *propensos ao lume* (*fire-prone landscapes*). Ao mesmo tempo, as proxeccións do cambio climático para os países mediterráneos (incluída Galicia) en xeral auguran un aumento desa ocorrencia e extensión (Moriondo *et al.* 2006, Moreno *et al.* 2010, Amatulli *et al.* 2013, Bedía *et al.* 2014, Turco *et al.* 2017 e 2018, Sousa *et al.* 2015).

A situación actual parece, por tanto, unha boa oportunidade para reflexionar sobre o problema ao que nos enfrontamos e ponderar ata que punto o clima esperado nos próximos anos pode contribuír a facela máis comprometida.

Hai, con todo, un risco que pode amortecer a resposta da sociedade. A frecuencia de incendios en Galicia e o recordo do seu uso tradicional –nun marco social, económico e de uso do territorio que xa non existe– poden transmitirnos a enganosa idea de que todo segue igual. Pode facernos perder sensibilidade para detectarmos o novo escenario no que a sociedade galega se vai mover e favorecer que, finalmente, non reaccione. Por iso convén ter o presente o reto ao que temos que facer fronte. O cambio global é tamén unha oportunidade para o cambio da resposta social no eido do lume forestal.

Nas liñas que seguen preséntanse resultados de estudos que poden orientarnos respecto á forma en que se espera que o cambio climático afecte o risco de incendio, como consecuencia da modificación do comportamento do lume esperado e, por tanto, da dificultade de extinción dos incendios e a magnitude dos seus efectos. Inclúense tamén algunhas reflexións e propostas relativas ás accións que a sociedade e a Administración poderían acometer para responder a ese reto que esixirá adaptarnos a un novo escenario. Co obxecto de centrar mellor a cuestión, preséntanse deseguido algúns dos principais trazos do réxime de lume en Galicia.

ALGUNHAS DAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO RÉXIME DE LUME FORESTAL EN GALICIA

O termo «réxime», usado inicialmente nun contexto de ecoloxía do lume nos anos oitenta para describir as pautas temporais e espaciais dos impactos do lume nun longo período de tempo (Morgan *et al.* 1999), foi ampliando pouco a pouco o seu contido ata incluír aspectos físicos e sociolóxicos (Krebs *et al.* 2010).

Moreno e Chuvieco (2013) propuxeron unha clasificación dos réximes de lume en España e consideraron Galicia como exemplo do tipo caracterizado por unha alta densidade de lumes (número de incendios $\cdot \text{km}^{-2} \cdot \text{ano}^{-1}$) e longa estacionalidade (número de meses que presentan densidade significativa). Posteriormente, eses autores (Moreno e Chuvieco 2016) ampliaron os factores conside-

rados para incluíren aspectos relacionados co clima, a poboación, a produtividade forestal, o tipo de cuberta vexetal e os seus cambios e o gando. Segundo o anterior, Galicia, a moi grandes trazos, sería un exemplo de réxime caracterizado por unha alta densidade de ignicións e longa estacionalidade, cun tamaño de incendio que tende a ser reducido, xunto a unha elevada humidade e produtividade forestal, alta densidade de poboación, dilatado censo gandeiro e rápidos cambios na cuberta de vexetación. Outro trazo do réxime de lume en Galicia, como é o elevado número de incendios en inverno (compartido con outras rexións do norte peninsular), foi tamén frecuentemente destacado (Vega *et al.* 2009a, Jiménez-Ruano *et al.* 2017, Barreal e Jannes 2020).

Certamente, en Galicia a maior parte dos parámetros utilizados para reflectir a actividade de incendios (MAPAMA e Pladiga, Xunta de Galicia 2019) presentan valores máis desfavorables que no resto de España e a maioría dos países do sur de Europa, coa excepción de Portugal. De feito, a superficie forestal de Galicia representa o 7,4 % da correspondente área en España, mentres que a súa contribución relativa á superficie queimada nacional no último período contabilizado (2006-2015, MAPAMA) foi do 28 % e 29 % en termos de número de incendios.

Se hai un trazo que caracteriza a situación dos incendios en Galicia, ese é o seu alto número. A súa densidade no período 1978-2017 foi de 3,1 lumes por cada 1000 hectáreas forestais, máis de doce veces superior á do resto de España. Neses corenta anos, o 39 % dos incendios forestais de España ocorreron en Galicia. Ningunha tendencia de ascenso ou descenso estatisticamente significativa se aprecia nese longo período no seu conxunto. Non obstante, de 1978 a 1995 (o ano co maior número de incendios referido) a densidade media foi de 7,7 lumes/1000 ha, mentres que entre 1995 e 2017 baixou a 3,5, dentro dunha tendencia significativa a diminuír. Desde a entrada en servizo dunha unidade específica da administración forestal dedicada á prevención e defensa contra incendios en 1990, a ocorrencia de lumes reduciuse de maneira significativa (Figura 1), o que apunta a que as accións promovidas están a producir resultados positivos.

A extensión media queimada cada ano en Galicia nos últimos corenta é dunhas 41 000 ha. Esa cifra supón un cociente (ratio) de área forestal queimada do 2,02 %, unhas catro veces superior á do resto de España en igual período.




Figura 1. Evolución do número de incendios e da área queimada anuais entre 1990 e 2017. Mentres que a tendencia no número de incendios é decrecente nun grao significativo (pendente indicada na figura), a área anual queimada non mostra ningunha tendencia significativa

A maior parte (67,8 %) desa superficie corresponde a matogueira e representa un 23 % da queimada en España nese período. A ratio citada mostrou unha tendencia significativa a decrecer co tempo neses corenta anos. Isto traducíuse en pasar do 3,63 % do citado cociente antes de 1991 (un punto de cambio pronunciado na serie) a case tres veces menos desde esa data ata 2017. Malia todo, o descenso non foi uniforme espacialmente, e en Pontevedra e Ourense, onde a área queimada anualmente continúa sendo moi elevada, desde 1992 ata 2017, non se detectou unha tendencia a diminuír, mentres que nas outras dúas provincias si o fixo. En conxunto, desde 1990, a superficie queimada cada ano en Galicia non diminuíu de maneira significativa (Figura 1), un dato moi preocupante. Como media para Galicia, o período de rotación do lume nos últimos corenta anos é de 49,5 anos. Pontevedra, con tan só 32,4 anos, e Ourense, con

37,4 anos, son as provincias que sofren unha presión de lume reiterada máis alta, fronte á Coruña (66,4 anos) e Lugo (78,4 anos). Unha redución do período de rotación tradúcese con frecuencia en maiores efectos ecolóxicos do lume porque o sistema ten menos tempo para recuperarse. Dentro desas provincias tampouco esa incidencia é uniforme, e concéntrase principalmente na parte occidental e suroeste para Pontevedra e A Coruña, mentres que en Ourense, na suroeste e sueste, e en Lugo, na suroeste e leste (Figura 2).




Figura 2. Área queimada entre 2001 e 2017 en Galicia. Composición de imaxe desenvolvida por Adrián Regos, baseada en imaxes de MODIS (NASA LP DACC, 2017).
Dispoñible en <https://arcg.is/1Orfj4>

Respecto ao tamaño das áreas queimadas, o 79 % dos incendios de Galicia entre 1978 e 2017 tivo menos dunha hectárea, fronte ao 58 % do resto de España, e o tamaño medio de incendio foi de 8,5 ha, notablemente inferior ao do resto do país (18,2 ha), indicando unha boa efectividade do sistema de

extinción de Galicia, se ben estas cifras mostran moita variabilidade e unha tendencia a aumentar entre 1991 e 2017. O número de grandes incendios (>500 ha) en Galicia foi de 7,6 lumes/ano, que constitúen unha porcentaxe moi pequena do total (0,16 %) pero queiman ao redor dun 16 % da superficie ardida (37,2 % no resto de España). Esta é unha característica típica dos grandes incendios na área mediterránea e outras partes do mundo (Camia *et al.* 2011, San-Miguel-Ayanz *et al.* 2013); con todo, non moi pronunciada en Galicia.

Malia que se trata de signos comparativamente positivos, hai outros negativos. Entre eles cabe destacar que non existe tendencia ao descenso na porcentaxe que representan os grandes incendios en Galicia, respecto ao número anual total de incendios, mentres que decreceron no resto do país, e a porcentaxe de superficie queimada por eles creceu en Galicia, aínda que se mantivo estable nas outras áreas españolas.

A inhomoxeneidade espacial e temporal do número de incendios e a área queimada en Galicia recibiron atención nun número de estudos (p. ex. Chas-Amil *et al.* 2010 e 2013, Prestemon *et al.* 2012, Balsa-Barreiro e Hermosilla 2013, Fuentes Santos *et al.* 2013, Barreal e Loureiro 2013 e 2015, Boubeta *et al.* 2015, Costafreda-Aumedes *et al.* 2016, Ríos-Pena *et al.* 2017, Barreal e Jannes 2020). A distribución estacional do número de incendios foise convertendo en bimodal, ao longo dos últimos decenios cun alongamento do período de perigo que presenta dous máximos relativos en marzo e agosto; non obstante, para a superficie queimada segue sendo unimodal, cun máximo en agosto (Vega *et al.* 2009a, Barreal e Jannes 2020). A simultaneidade de ignicións é outro trazo característico da situación dos incendios en Galicia. Téñense con relativa frecuencia días de máis de 100 lumes e observáronse ata 425 lumes/día (Fernández-Couto 2006), e isto ocorre maioritariamente cando as condicións meteorolóxicas son máis adversas (García-Díez *et al.* 1994 e 1997), o cal provoca un desbordamento do operativo de extinción e frecuentes e perigosos escapes e reproducións (Cela 2018).

A alta densidade de poboación en moitas comarcas, en especial as occidentais, introduce un factor engadido ao risco, xa que os incendios con frecuencia acaban ameazando núcleos de poboación. Isto complica en gran medida a extinción e diminúe o seu rendemento, ao térense que desviar recursos para atender a protección das persoas e vivendas.

Como sucede noutras rexións do sur de Europa (Vilar del Hoyo *et al.* 2009, Ganteaume *et al.* 2013), a inmensa maioría dos incendios en Galicia (98,2 %) son de orixe humana. Esa cifra está próxima á media europea (97,1 %). No entanto, unha característica propia de Galicia é a súa elevada taxa de lumes intencionados (ao redor do 78 % do total, segundo MAPAMA s. d.). Dentro desa categoría, os producidos por queimas que teñen finalidade agrícola e pastoral supoñen a maior porcentaxe, un 43,4 %, mentres que os de orixe descoñecida representan un 34,2 %. Incendiaros, vandalismo, protestas e disputas locais calcúlase que suman ao redor dun 17,5 %. Aínda que a investigación de causas tropeza con grandes dificultades e a asignación a algunhas desas motivacións é discutible, o anterior resalta dous aspectos esenciais do réxime de lume en Galicia. Por unha banda, a longa tradición cultural no uso do lume mantida no tempo, nun contexto moi diferente ao do pasado en canto á estrutura da vexetación na paisaxe e ao coñecemento no manexo do lume pola poboación. Baste reparar no que supón realizar máis de 300 000 queimas agrícolas e máis de 6000 forestais en 2017 (Barreiro 2018, comunicación persoal). Por outra, o incendio provocado parece a expresión dun cadro de problemas socioeconómicos con tensións e conflitos subxacentes non resoltos, e pautas espaciais e temporais que suxiren influencias dunha ampla variedade de motivacións e que amosan un forte compoñente imitativo (Marey-Pérez e Rodríguez Vicente 2008, Chas-Amil *et al.* 2010, Gómez-Vázquez *et al.* 2009, Barreal *et al.* 2012, Prestemon *et al.* 2012, Fuentes-Santos *et al.* 2013, Pazos Lamoso *et al.* 2018, Da Ponte *et al.* 2019, De Diego *et al.* 2019). O resultado é a recorrencia de incendios en áreas determinadas (Barreal e Loureiro, 2013, 2015, Boubeta *et al.* 2015, Costafreda-Aumedes *et al.* 2014, 2016), que comporta unha degradación da vexetación e o solo nos ecosistemas afectados (Regos *et al.* 2014), unha desmotivación das iniciativas económicas ligadas ao sector forestal e o desalento e desentendemento da poboación neles. Os datos respecto ao cambio dese cadro non son moi alentadores. Por exemplo, as porcentaxes de incendios intencionados e de causa descoñecida nos últimos 25 anos apenas variaron. Sinalan a necesidade de actuar nese eido.

A crecente incidencia dos incendios nunha moi extensa interface urbano-forestal é tamén un trazo típico do réxime de lume forestal en Galicia (Chas-Amil *et al.* 2013, 2015 e 2020, Calviño-Cancela *et al.* 2016 e 2017), consecuencia dunha forma de vida e falta dun planeamento territorial que resulta

nun urbanismo difuso, e, máis recentemente, doutros factores do cambio global, o que introduce un elemento de complexidade na xestión do lume forestal. Isto xera preocupación no tocante ao futuro manexo de situacións de alto risco para a poboación en relación cos incendios forestais.

Finalmente, un dos aspectos máis inquietantes do réxime de lume en Galicia atópase na ocorrencia de episódicos estalidos de lumes catastróficos ou «vagas de lumes», como as de 2006 e 2017 –nalgúns aspectos, diferentes da que produciu os grandes incendios de 1989–. Mentres que estes últimos eran aínda «lumes estritamente forestais», os outros dous episodios representan un novo tipo de incendios, caracterizados polo elevado número de ignicións, concentradas en determinadas áreas, que causaron un impacto sobre a interface urbano-forestal (en sentido amplo) descoñecido ata o de agora e baixo condicións meteorolóxicas en extremo perigosas (Cruz Guerrero *et al.* 2007, Parlamento de Galicia 2018, este estudo). Claramente, este tipo de incendios é capaz de producir un colapso no sistema de extinción (Cela 2018). Resulta previsible que, baixo a crecente influencia do cambio climático, a ocorrencia desta clase de lumes, que teñen o potencial de desencadear consecuencias catastróficas, poida darse no futuro próximo con maior frecuencia.

COMO FOI A INFLUENCIA DO CLIMA SOBRE A SITUACIÓN DE PERIGO DE INCENDIOS NOS ÚLTIMOS DECENIOS EN GALICIA?

O clima é determinante no inicio e propagación do lume nos incendios forestais. O tipo e cantidade de vexetación que constitúe o combustible dos incendios é a consecuencia das características climáticas, edáficas e do uso da terra. Por outra banda, o contido da auga na vexetación é un factor clave na súa inflamabilidade (en sentido amplo) e vén controlada, en boa medida, polas condicións climáticas. A vexetación viva ten un contido de auga dependente, basicamente, da especie, da variación estacional debida á fenoloxía e das condicións meteorolóxicas antecedentes a medio prazo (Yebra *et al.* 2013, Resco de Dios, 2020, Marino *et al.* 2020). Pola contra, os combustibles finos mortos, integrados polas fraccións de vexetación seca de escaso grosor (< 6 mm de espesor), presentan unha maior dependencia das condicións meteorolóxicas a curto prazo,

con oscilacións diarias moi acusadas e mesmo diúrnas. É por iso que se considera a humidade do combustible fino morto un parámetro de grande interese en incendios xa que pode ofrecer información de moita utilidade para expresar a facilidade de ignición e propagación do lume e, por tanto, ser usado como un indicador de perigo diario de incendios, ademais doutros usos. A modelización da humidade deses combustibles en función de parámetros meteorolóxicos (Nelson 2001, Mathews 2012) permite elaborar diversos índices de perigo de incendios forestais, usados operacionalmente polos servizos de protección contra incendios (p. ex. McArthur 1962, Bradshaw *et al.* 1983, Forestry Canada Fire Danger Group 1992).

O coñecemento actual dos efectos do cambio climático sobre os incendios forestais en Galicia, referidos ao pasado recente, é aínda moi escaso. Entre 2007 e 2009 a Consellería de Medio Ambiente desenvolveu un proxecto interdisciplinar (CLIGAL), coa intervención de diversos organismos de investigación e máis dun centenar de investigadores, sobre as evidencias e posibles impactos do cambio climático en Galicia. Un dos temas abordados foi o do perigo de incendio, tomando como base a predición da humidade dos combustibles finos mortos (Vega *et al.* 2009a e 2009b). O estudo foi ampliado nalgúns aspectos en Arellano (2011) e, posteriormente, coa recompilación de novos datos para o período 2006-2017, gañouse en perspectiva. Usáronse un conxunto de índices de perigo de incendios (australianos, canadenses e estadounidenses) referidos aos seus valores no verán e en marzo. En liñas xerais, estes descritores reflicten a facilidade de ignición e de propagación do lume a través dos combustibles forestais (véxase unha revisión en Ruiz-González e Vega 2007). Tamén, dada a súa dependencia das condicións meteorolóxicas, se converten en potenciais detectores de cambio climático cando se analizan as súas tendencias nun período de tempo suficientemente longo.

Os índices australianos e estadounidenses que se empregaron foron estimadores directos da humidade da frouma ou de herbáceas secas. En concreto, usáronse os seguintes: CBEF (McArthur 1962, Gill 1987, Viney e Hatton 1989), FFDM (McArthur 1967), SMC (Sneeuwjagt e Peet 1985), FBO (Rothermel 1983), Behave (Rothermel *et al.* 1986) e GFDM (McArthur 1966). Un descenso destes índices supón un empeoramento da situación de perigo. Ademais, usáronse diversos índices canadenses (Van Wagner 1987, Forestry Canada Fire

Danger Group 1992), construídos de forma que un aumento dos seus valores implica un agravamento das condicións de perigo. Unha parte destes últimos índices expresan de maneira indirecta a humidade da frouma (FFMC) e do humus (DMC) e os efectos da seca acumulada (DC) –Wotton 2008–. Os restantes son estimadores da dispoñibilidade de combustible para o lume (BUI) e parámetros de comportamento do lume tales como a velocidade de propagación do lume (ISI) e a potencia lineal da fronte de chamas (FWI), este último combinando o efecto conxunto dos dous anteriores.

Tres cuestións foron formuladas nestes tres estudos:

- a) Mostraron os índices de perigo de incendios forestais máis usados, tendencias de cambio significativas entre 1961 e 2006 en Galicia?
- b) Explican eses índices parte da variabilidade do número de incendios e área queimada nese período?
- c) Confirman os datos dos índices para o período 2007-2017 as tendencias observadas para o período anterior?

a) *Tendencias do perigo meteorolóxico entre 1961 e 2006*

Os resultados principais obtidos expóñense deseguido:

a.1. Detectouse unha tendencia significativa a incrementarse a duración da época de perigo de incendios en Galicia, coa xeración dunha distribución bimodal do número de incendios que amosa máximos en marzo e agosto nas catro provincias, proceso que se foi acentuando co tempo. Isto é concordante cun incremento da duración da época de perigo de incendios en certas rexións do planeta (principalmente Australia, Norteamérica e a conca mediterránea) nos últimos decenios (Jolly *et al.* 2015) e no futuro (Dupuy *et al.* 2020).

a.2. A maior parte dos índices (64 %) presentaron tendencias significativas de empeoramento do perigo de incendios no verán ao longo do período estudado. Isto foi interpretado nun sentido dobre: por unha banda, o cambio climático aumentou o perigo meteorolóxico de incendios no período do estudo (entre 33 e 45 anos, segundo os sitios) e, por outra, os índices analizados poden considerarse unha evidencia máis do cambio climático ocorrido en Galicia nese intervalo de anos.

a.3. Os índices que estiman a humidade da frouma e dos combustibles finos secos dunha maneira máis simple reflectiron, en conxunto, o cambio climático

con máis claridade e, polo tanto, expresaron tamén máis nitidamente a situación de agravamento do perigo que os máis complexos e indirectos.

a.4. Os valores medios para Galicia dos índices canadenses estivais no período 1973-2006 consideráronse, en xeral, moderados para tres provincias, excepto para Ourense, onde DC e FWI foron altos. Se se asume que o índice canadense DSR expresa a dificultade de extinción, a súa media entre 1973 e 2006 (4,31) foi 1,78 veces superior en Ourense que nas outras provincias, nas que DSR non difería entre elas.



Figura 3. Sentidos dos gradientes de incremento das condicións de perigo de incendio, debido ao cambio climático

a.5. En liñas xerais, detectáronse dous gradientes no empeoramento das condicións de perigo de incendios (Figura 3): un de aumento de norte a sur e outro de crecemento de oeste a leste. Isto implica un incremento do perigo desde o norte da Coruña ao sur de Pontevedra e desde a costa ao interior, e é maior, en xeral, na parte oriental de Lugo que na costa, para a mesma latitude, e máis

elevado en Ourense. Se isto se enfronta coa distribución espacial dos incendios en Galicia –cunha forte concentración de área queimada no suroeste e no sueste– (Figura 2), apréciase a concordancia de ambos os feitos. Iso subliña o peso da compoñente climática na distribución espacial dos incendios, a pesar da forte influencia doutros factores.

a.6. É conveniente destacar que unhas alteracións aparentemente pequenas nos valores absolutos da humidade do combustible fino morto, producidas polo cambio climático no período de tempo estudado –que, en principio, poderían considerarse pouco relevantes para o cadro xeral de incendios–, se traducen, con todo, nunha amplificación notable do empeoramento do comportamento do lume. Un exemplo ilustra este efecto. A media estimada da humidade do combustible fino morto en Pontevedra para o período 1961-1965 foi dun 14 % e baixou ao 12 % en 2002-2006. Pola súa banda, en Ourense, o 13 % de media durante 1973-1977 diminuíu a un 10 % en 2002-2006. Eses descenso de humidade traducíronse nun significativo agravamento do comportamento medio esperado do lume (Táboa 1), cun crecemento potencial pronunciado da área queimada e do perímetro do incendio, en igualdade dos restantes factores. En termos relativos, os aumentos das variables modeladas foron considerables (entre o 16,5 % e o 92,5 %), o que implica, por citarmos algúns efectos, unha maior dificultade de extinción e facilidade para que os escapes se convertan en grandes incendios, xunto a consecuencias socioeconómicas e ambientais máis graves.

a.7. Se os anteriores resultados se poñen en conxunto cos cambios socioeconómicos e o aumento dos combustibles forestais acontecidos no ámbito rural neses mesmos períodos (Barreal *et al.* 2012, López Iglesias 2018, López Iglesias e Pérez Fra 2004, Sineiro 2006, Chas-Amil *et al.* 2015), o efecto combinado debuxa un cadro moi desacougante.

b) *Asociación entre os índices de perigo e a actividade de incendios.* Os indicadores canadenses FWI, BUI, DMC e FFMC (meses de xuño a setembro) mostraron conexións máis estreitas coa actividade de incendios que os estimadores máis directos da humidade da frouma entre 1973 e 2006. De feito, absorberon un 54 % da variabilidade do número de incendios de verán, para o conxunto de Galicia, e o 45 % da área queimada coa mesmas variables mais DC e SMC, no período 1973-2006. Estes resultados están en liña cos de Manta e Viegas (2006)

Táboa 1. Simulación do efecto do cambio climático en diversas variables de comportamento do lume entre 1961 e 2006 en Pontevedra e Ourense

Sitio	Humidade do combustible fino morto, %		Velocidade de avance do lume, m/h		Área queimada na primeira hora, ha/h		Perímetro na primeira hora, m		Potencia lineal da fronte de chamas, kW/m	
Períodos	1961-1965	2002-2006	1961-1965	2002-2006	1961-1965	2002-2006	1961-1965	2002-2006	1961-1965	2002-2006
Pontevedra	14	12	1.017	1.185	49	69	2.834	3.336	16.957	19.770
Períodos	1973-1977	2002-2006	1973-1977	2002-2006	1973-1977	2002-2006	1973-1977	2002-2006	1973-1977	2002-2006
Ourense	13	10	623	791	27	52	1.910	2.533	10.400	13.193

Utilizouse o modelo de Anderson *et al.* (2015) de matogueiras de clima tépedo. As humidades do combustible fino seco en Pontevedra e Ourense empregadas son, respectivamente, os valores medios estimados polo modelo CBEF (McArthur 1962, Gill *et al.* 1987 e Viney e Hatton 1989) para os períodos respectivos. Nos dous sitios considerouse un combustible de matogueira de toxo (*U. europaeus*) de 1 m de altura, cunha carga de 23 Mg/ha para a fracción menor de 6 mm de grosor do estrato de combustible elevado e de 17 Mg/ha para o estrato de frouma (Arellano *et al.* 2017), cun grao de consunción na fase de chamas do combustible elevado do 85 % (Vega *et al.* 2000a); asumíuse un 75 % de consunción para a frouma. Vento de 22 km/h (a 10 m) en Pontevedra (percentil 90, da estación meteorolóxica de Vigo) e de 11 km/h en Ourense (percentil 90 da estación de Ourense), cun factor de axuste de vento de 0,50 en ambos os casos, en terreo chairro. A humidade do combustible vivo fino foi modelada en función do DC (Viegas *et al.* 2004) e resultou ser do 111 % para Pontevedra e do 72 % e o 71 % para Ourense nos dous períodos, respectivamente. A potencia lineal da fronte de chamas determinouse segundo Byram (1959a), supoñendo unha calor de combustión de 18 600 kJ/kg. A área queimada e o perímetro calculáronse segundo Rothermel (1983).

para o período 1991-2000. Estes autores observaran unha boa correlación entre o FWI e o número de incendios e a área queimada diarios, no verán e no comezo do outono, en Lugo e na Coruña e máis escasamente en Ourense. Tamén cos de Urbietta *et al.* (2015) para un período posterior (1985-2011), que atoparon que o FWI deu conta de porcentaxes similares de variabilidade do número de incendios (44 %) e da área queimada (46 %) e, en menor medida, do número de grandes incendios. O mesmo cadro tívose para Portugal (Fernandes *et al.* 2014 e 2016a) e a Europa mediterránea no seu conxunto (Camia *et al.* 2008, Camia e Amatulli 2009). As relacións entre os índices de perigo citados e a actividade de lume variaron segundo a provincia, mostrando Ourense as correlacións máis altas. As relacións achadas parecen compatibles coa forte intencionalidade dos incendios en Galicia. Que os índices canadenses –que teñen en conta

o efecto acumulativo da seca– presenten mellores relacións coa actividade de incendios apunta a que, ademais da maior facilidade de ignición dos combustibles finos, típica das negligencias, o incendiario opera cunha intencionalidade que busca as dúas eficacias: na ignición e nas consecuencias.

c) *Respecto ás tendencias dos índices entre 2007 e 2017 inclusive*

c.1. É importante destacar un incremento do perigo (medido pola pendente da tendencia) neste segundo período, con respecto ao primeiro, na metade sur de Galicia, máis pronunciado en Ourense. En Pontevedra aparecen incrementos significativos co tempo nalgúns índices, como o FFMC e o DMC, non detectados no estudo previo (Táboa 2). Isto apunta a un empeoramento dos condicionantes meteorolóxicos do incendio, cos seus concomitantes efectos no comportamento do lume e as súas repercusións ambientais. Confírmense tamén os dous gradientes espaciais achados antes, que se fan aínda máis pronunciados.

Táboa 2. Pendentes das tendencias dos valores medios anuais dos índices de perigo de incendios GFDM, FFDM, FFMC, DMC e DC no verán para os períodos considerados en Pontevedra e Ourense

Provincia	Período	GFDM	FFDM	FFMC	DMC	DC
Pontevedra	1961-2006	-0,051***	-0,061***	ns	ns	ns
	1961-2017	-0,064***	-0,080***	0,130***	ns	0,273**
Ourense	1973-2006	-0,089***	-0,059***	0,169***	0,806**	ns
	1973-2017	-0,114***	-0,087***	0,300***	1,899***	3,591**

** p < 0,01; *** p < 0,001; ns = non significativo

Por exemplo, a media da humidade estimada da herba seca, GFDM, pasou de estar en arredor do 11 % nos primeiros anos dos setenta en Ourense a situarse en aproximadamente o 6 % na primeira década do século XXI. Mentres tanto, en Pontevedra, entre esas mesmas datas, a humidade media estimada pasou do 14 % ao 11 % (Figura 4). O anterior implica que no sur de Galicia a diferenza de comportamento do lume nos incendios entre o oeste costeiro e o leste interior aumentou no último decenio. Pola súa banda, o valor medio de DMC pasou en Ourense, nese período, de estar en 50, no ano 1973 (un valor moderado), a acharse en 160, pola altura de 2015 (Figura 5), un valor moi alto, mentres que en Pontevedra o fixo desde 28 ata ao redor de 50, os dous moderados.

Iso significa que en Ourense está dispoñible moito máis combustible grosso para intervir na combustión e, por tanto, que é esperable unha gravidade máis elevada do lume no solo, en igualdade doutros factores.




Figura 4. Variación no tempo do descritor australiano GFDM (McArthur 1966) da humidade de herbáceas para Pontevedra e Ourense, correspondente aos meses de verán

c.2. Nas tendencias do percentil 90 dos índices canadenses de perigo estival nese novo intervalo de tempo observouse un incremento do número de provincias onde os citados percentís dos índices aumentaban de maneira significativa co tempo, respecto ao tido para as series ata 2006. Isto interpretouse como unha evidencia do empeoramento da situación tamén para os días en que o perigo é

máis elevado que para os de perigo medio. Noutros estudos ese percentil estivo relacionado dun xeito significativo coa superficie queimada, p.e. en Portugal (Pereira *et al.* 2005, Fernandes *et al.* 2014) e tamén coa ardida nos incendios de gran tamaño nese país (Fernandes *et al.* 2016a). No seu conxunto, os resultados anteriores poñen de manifesto un escenario de maior perigo de incendio, onde os lumes poden desenvolver comportamentos extremos.




Figura 5. Comparación das tendencias dos valores medios anuais do descriptor DMC (Van Wagner 1987) en Ourense e Pontevedra, correspondentes aos meses de verán

QUE CABÍA ESPERAR, ANTES DE SE PRODUCIREN OS INCENDIOS DE 2017, DA INFLUENCIA DO CAMBIO CLIMÁTICO RESPECTO AO PERIGO EN GALICIA A MEDIO E LONGO PRAZO?

Fíxose xa habitual nos medios de comunicación presupoñer que a subida da temperatura media anual e das máximas no verán inevitablemente producirán un incremento no número de incendios e na área queimada en Galicia. Pero a magnitude e velocidade deses cambios e como estes afectarán á dificultade de extinción e, por tanto, á poboación e tamén ás consecuencias postincendio implican un alto grao de incerteza. Na actualidade existe aínda unha forte limitación da capacidade para efectuar proxeccións das condicións meteorolóxicas a medio e longo prazo, xunto á posibilidade de alteración delas pola irrupción de eventos inesperados debido a procesos non ben coñecidos. En gran medida, esas predicións dependen do ritmo das emisións de gases de efecto invernadoiro, difícil de prever. A isto hai que engadir un dinamismo socioeconómico que, como se viu, en poucos anos pode provocar importantes cambios na estrutura espacial dos combustibles a escala da paisaxe, na actividade de incendios e na vulnerabilidade do sistema no seu conxunto. Tendo en conta esas incertezas, coméntanse a seguir os resultados de diversos estudos sobre algunhas desas cuestións.

A exploración das tendencias do perigo meteorolóxico de incendios en Galicia nun horizonte temporal dilatado (2010-2060) foi abordada en Vega *et al.* (2009b) no referido proxecto CLIGAL e en Arellano (2011). Comparáronse dúas aproximacións: unha na que simplemente se proxectaban no tempo as tendencias atopadas entre 1973 e 2006, no estudo xa comentado, e outra apoiada nunha simulación climática efectuada por MeteoGalicia para o período 2000-2060 (Martínez de la Torre e Míguez Macho 2009). Utilizouse nesta última o modelo HadCM3 da United Kingdom Met Office (UKMO) para o escenario SRES (*Special Report on Emissions Scenarios*; IPCC 2000) A1B, un contexto de emisións medio. Esa simulación xerou datos diarios das variables meteorolóxicas necesarias para alimentar os índices de perigo de incendios. Os principais resultados deses estudos foron os seguintes:

a) A diferenza do atopado para a media de Galicia no período 1973-2006 –cos índices construídos empregando datos reais das estacións meteorolóxicas–,

todos os índices de perigo obtidos a partir dos datos da simulación climática mencionada mostraron unha tendencia significativa a empeoraren no período 2010-2060 (Táboa3). Esa distinta resposta fronte ao clima resultou máis aparente nos índices canadenses, nos que non se detectaron tendencias significativas de cambio, para a media de toda Galicia, no intervalo 1973-2006 (excepto no índice BUI). As pendentes relativas ás tendencias dos estimadores directos da humidade do combustible fino morto foron semellantes ás correspondentes ao primeiro período mencionado.

Táboa 3. Comparación dos valores e cualificación dos índices de perigo de incendios para a media estival de Galicia entre 2010 e 2060 baseados en: a) as tendencias calculadas a partir de datos meteorolóxicos reais entre 1973 e 2006, e b) valores obtidos por simulación climática entre 2000 e 2060 co modelo HadCM3 para un escenario de emisións medio

Índice	Baseado nas respectivas tendencias obtidas e datos meteorolóxicos reais entre 1973-2006		Baseado nos valores respectivos obtidos de simulación climática entre 2000-2060	
	2010	2060	2010	2060
CBEF	Moderado 10,4	Alto 8,8	Moderado 11,2	Alto 9,2
FFMC	Baixo 80	Moderado 84	Moderado 83	Alto 87
DC	Moderado 380	Moderado 410	Moderado 403	Alto 535
BUI	Moderado 52	Moderado 49	Moderado 53	Moderado 108

En termos prácticos, isto significa que ambos os métodos dan unha imaxe clara do empeoramento da situación de incendio, en canto ás condicións meteorolóxicas e á dispoñibilidade de combustible da cuberta morta do chan. Porén, a simulación climática ofreceu un cadro de maior perigo, en especial no que se refire á dificultade de extinción e aos efectos no chan. Este resultado concorda co atopado por Bedía *et al.* (2014) para o percentil 90 do índice FWI correspondente ao período 2071-2100, cunha simulación climática feita no escenario de emisións A1B. Parece, por tanto, que a extrapolación das condicións do período 1973-2006 podería non reflectir adecuadamente a situación futura, e que, á vista

desa información (Táboa 3) para o conxunto de Galicia, podería ser considerablemente peor. Nun recente estudo de Bowman *et al.* (2017) a nivel global, baseado na análise dun conxunto de incendios de comportamento extremo e na aplicación dos ascensos obtidos por Bedía *et al.* (2014), prognosticábase para Galicia un aumento substancial no número de días en que se superaría o percentil 93 do FWI. Este resultado é moi preocupante porque podemos estar ante un escenario que se fai progresivamente máis desfavorable, como a comparación das tendencias de 1961-2006 e 1973-2006 apuntou.

b) Con todo, dado que a simulación climática proporcionou só un valor medio para Galicia e existen fortes diferenzas no perigo meteorolóxico ao longo do seu territorio, segundo se referiu, aplicouse a proxección baseada nas tendencias dos índices obtidas da serie meteorolóxica que vai de 1973 a 2006 a nivel provincial. Na Figura 6 obsérvanse as marcadas diferenzas en diferentes índices de perigo simulado de incendios, atopadas para A Coruña e Ourense, no horizonte 2010-2060, que se manifestan nun progresivo incremento do perigo na segunda desas provincias. Non obstante, é importante subliñar que, á vista do indicado máis arriba, pode tratarse dun cadro que estea subestimando o perigo.

c) Tamén, a media do número de días en que os índices canadenses estiveron no seu nivel alto para o conxunto de Galicia tendeu a aumentar significativamente entre 2000 e 2060. Iso supoñería, por exemplo, que os días en que o lume queimaría con alto DC (elevada sequidade no chan) no verán pasarían de 30 a 57 e que o número de días en que a consunción de combustible (BUI) estaría nun nivel alto cambiaría de 12 a 47, mentres que o FWI tería 15 días no seu nivel alto en 2000 e 49 en 2060. Nótese que, polo que vivimos en datas recentes, é posible que se trate dun escenario subestimador do perigo. Bowman *et al.* (2017), no estudo citado, predicían para Galicia un incremento do 40 % dos días que presentarían valores extremos (percentil 93 %) do FWI.

d) Os índices de perigo determinados a través da simulación climática para o período 2000-2060 foron introducidos nos modelos predictivos do número anual de incendios e da área queimada en Galicia en función duns índices de perigo, achados previamente (Vega *et al.* 2009b). Obtívose así unha estimación da proxección deses parámetros de actividade de incendios para 2000-2060 que sinalaba un escenario de empeoramento. Como é obvio, estes resultados foron considerados só indicativos por varias causas: moderada variabilidade absorbida




Figura 6. Simulación da variación dos niveis dos índices de perigo de incendios (período 2010-2060), para A Coruña e Ourense, obtida a partir das tendencias de cambio dos índices correspondentes ao intervalo 1973-2006. Os rangos de perigo para cada índice indícanse polas liñas horizontais e seguen os valores recomendados por Cruz (2000). Fonte: Vega *et al.* (2009b)

por eses modelos, elevada incerteza dos modelos climatolóxicos en xeral e, en particular, nunha área como Galicia, cunha variabilidade climática pronunciada. Non obstante, o maior factor de incerteza débese a cambios na compoñente socioeconómica, cunha alta capacidade para mudar con rapidez, o cal xerou por agora modelos que tamén absorben escasa variabilidade. De feito, a comparación dos valores preditos de área queimada cos observados realmente entre os anos 2000 e 2017 –período en que se inclúen as crises de 2006 e 2017– mostrou unha sobreestimación dun 23 % na área queimada, o que é habitual ata agora con este tipo de predicións (Turco *et al.* 2018). Mentres tanto, o estudo de

Sousa *et al.* (2015) atopou para a rexión formada por unha franxa que inclúe a parte occidental do centro e o norte de Portugal e toda Galicia, agás Lugo, que a superficie queimada no período 2006-2075 podería estar entre dúas e cinco veces a do período de referencia (1981-2005), tendo en conta as proxeccións climáticas e asumindo que se mantiveron as tendencias da actividade humana, da loita contra os incendios e do uso da terra. Pola contra, Jiménez-Ruano *et al.* (2020), dentro dun estudo xeral sobre as tendencias da actividade de incendios na Península, predixeron para o período (2016-20536) un réxime de lume en Galicia similar, con dúas excepcións: o número de lumes no inverno, que tendía a aumentar, e os incendios de verán de tamaño medio-grande, para os que se esperaba un incremento.

En conxunto, os cambios atopados debuxan un cadro de elevada dificultade de extinción e no que o impacto nas edificacións, as infraestruturas, a vexetación e o chan, entre outros, aumentaría.

OS NOVOS INCENDIOS XA ESTÁN A CHEGAR: PREVISIÓNS DESBORDADAS

As proxeccións de perigo comentadas nas liñas superiores víronse excedidas por dúas novas situacións meteorolóxicas non ocorridas anteriormente en Galicia e norte de Portugal. Unha afectou ao centro-norte do país veciño e a outra a esa rexión e tamén a Galicia.

Os grandes incendios de xuño de 2017 en Portugal

Co seu ronsel de falecidos e destrución, estes incendios supoñen un exemplo de a que pode enfrontarse a nosa sociedade nos vindeiros anos. No informe do Parlamento de Portugal (Assembleia da República 2017) realizouse unha detallada análise do impacto das condicións meteorolóxicas no desenvolvemento deses incendios e no comportamento do lume. Aínda que non se entrou a avaliar directamente a influencia do cambio climático neses eventos, parece que este actuou sobre todo a través dunha seca anormalmente temperá, intensa e prolongada. Unha longa estación seca previa ao incendio e con temperaturas por encima da

media, como o que ocorreu en 2017, pode inducir un grao de estrés hídrico considerable na vexetación, un acusado descenso da humidade no solo e unha forte perda de auga nos combustibles mortos grosos, o cal fai que estea dispoñible para o lume máis cantidade destes (Resco de Dios 2020). Tamén pode aumentar a continuidade do combustible, ao romper as «barreiras naturais» creadas pola vexetación de valgadas e zonas húmidas, o cal permite unha maior expresión do efecto das variables meteorolóxicas (Fernandes *et al.* 2016b). Malia que estas últimas non chegaron a alcanzar valores extremos, resultaron elevadas. Con todo, foi a interacción incendio-atmosfera –coa creación de pirocumulonimbos e a súa posterior esborrallada– a causante dun comportamento do lume extremo –«tormenta de lume»–, con velocidades de propagación, potencia e crecementos da área queimada ata agora non vistos en Europa. A extensión, a continuidade e a cantidade de combustible (cambios na cuberta vexetal) e o seu baixo nivel de humidade –efecto do cambio climático– foron considerados determinantes para a xeración dunha alta intensidade, o que posibilitou o desenvolvemento de potentes pirocumulonimbos nunha atmosfera previamente inestable (Assembleia da República 2017).

Os grandes incendios de outubro de 2017 en Galicia e Portugal

Os incendios acontecidos do 14 ao 16 de outubro no centro de Portugal (Assembleia da República 2018) e en Galicia xeráronse nunha situación meteorolóxica moi lonxe do usual, xa que estiveron baixo a anómala influencia das alteracións meteorolóxicas creadas pola proximidade do ciclón *Ophelia*. Este furacán desprazouse desde o Atlántico leste, onde se orixinou, subindo en latitude e bordeando Portugal e Galicia. Produciu unha advección de ar quente e seco de África, que deu lugar a diversos períodos de alta temperatura, baixa humidade do aire e fortes ventos co efecto *foehn* de compoñente S-SW-SE. A este cadro hai que engadir o efecto dunha previa seca prolongada. Os valores dos índices de perigo en Vigo (Táboa 4) e Celanova (Táboa 5) para os días 14 ao 16 de outubro ilustran ben a situación. A maioría deles oscilan entre valores moi altos e extremos, e o efecto do vento o día 15 é máis pronunciado en Vigo. O índice FWI alcanzou valores extremos nos días 14 e 15, pero foi aínda alto o 16 en Ourense. Os valores dos índices DMC, DC e BUI reflicten o efecto da seca, máis pronunciada en Ourense.

Táboa 4. Valores ás 13:00 UTC de varios índices de perigo meteorolóxico de incendios calculados sobre a base dos datos da estación meteorolóxica de Vigo-Campus para os días que van do 14 ao 17 de outubro de 2017. Fonte: MeteoGalicia

	Día 14/10/2017	Día 15/10/2017	Día 16/10/2017	Día 17/10/2017
Precipitación, mm	0	0	1,2	13,6
CBEF	8,3	6,5	16,7	14,3
GFDM	6,3	4,9	16,8	14,3
FFDM	4,9	4,2	17,9	10,2
FFMC	95	95	78,5	58
ISI	12,5	36	1,3	1,1
BUI	126	132	133	74
DMC	83	87	87	44
DC	694	699	703	606
FWI	40	78	7	4

Táboa 5. Valores ás 13:00 UTC de varios índices de perigo meteorolóxico de incendios calculados sobre a base dos datos da estación meteorolóxica de Celanova para os días que van do 14 ao 17 de outubro de 2017. Fonte: MeteoGalicia

	Día 14/10/2017	Día 15/10/2017	Día 16/10/2017	Día 17/10/2017
Precipitación, mm	0	0	0	10
CBEF	6,1	5,9	9,1	10,7
GFDM	4,7	4,7	7,1	8,8
FFDM	4,1	4,1	5,4	6,2
FFMC	94	94	90,0	66
ISI	6,0	6,5	6,4	1
BUI	185	189	191	116
DMC	136	140	142	73
DC	723	730	734	700
FWI	39	49	27	5


Especialmente grave foi a marcada simultaneidade de baixa humidade relativa e elevada temperatura do aire, en conxunción cunha alta velocidade do vento, entre as 14 e as 20 h do día 15 no sur da provincia de Pontevedra. Só nese día

houbo 124 ignicións en Galicia (Cela 2018), cun total de 247 incendios nos días 14, 15 e 16. No sur de Pontevedra, á media tarde do día 15 a humidade calculada do combustible fino morto estaba nun 6 % e a velocidade media do vento na estación meteorolóxica de Vigo-Campus roldaba 30 km/h, con refachos que oscilaban entre 40 e 78 km/h. Esta velocidade media foi superior ao percentil 97 da serie histórica entre 1973 e 2006 para o aeroporto de Vigo. Os lumes estenderonse a gran velocidade, principalmente conducidos polo vento. En varias simulacións feitas con modelos de combustible de eucaliptais da zona, con moderada carga de matogueira, para unha pendente do 20 % (Arellano *et al.* 2017), calculáronse nesas horas velocidades de propagación de entre 1 e 2 km/h, que xeraban potencias lineais, na cabeza dalgúns destes incendios, superiores a 20 000 kW/m. A velocidade resultou entre tres e cinco veces menor nas plantacións de eucalipto nas que se mantén o sotobosque tratado, e a potencia entre catro e sete veces inferior. Os valores indicados son compatibles cos observados polo Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Pontevedra (Francisco, comunicación persoal, 2019) no incendio de Padróns-Pontearreas e consistentes coa velocidade media de propagación do lume para a totalidade dese incendio, de arredor de 12m/min (Cela, 2018).

No caso dos piñeirais, cos cálculos que se elaboraron segundo os modelos citados, prognosticáronse para os latizais frecuentes carreiras de lume de copa con velocidades considerablemente altas, de arredor de 3 km/h, e potencias lineais na cabeza do incendio que excedían os 35 000 ou 40 000 kW/m. Mentres tanto, nos fustadíos, principalmente cun sotobosque de frouma e fento, eses valores variaron entre 0,3 e 0,6 km/h, cunhas potencias lineais entre 6 e 25 veces máis baixas. Por último, para toxeiros de 1 m de altura e pendentes do 20 %, as velocidades calculadas estiveron entre 2 e 3 km/h, con potencias de, polo xeral, entre 20 000 e 30 000 kW/m. Obviamente, a maioría desas situacións quedaron fóra da capacidade de extinción dun ataque ampliado frontal. A pronunciada inclinación da columna de convección observada durante a mañá e a tarde do día 15 indicou unha propagación dominada polo vento (Rothermel 1991). Isto concorda con outros cálculos comparativos efectuados sobre a potencia do vento e a do lume (Byram 1959b, Nelson 1993), nos cales a maior parte do tempo dominou a primeira delas, e coa forma da área queimada (Figura 7). En conxunto, aínda que se desenvolveron pirocumulonimbos en determinados momentos,

non adquiriron as dimensións dos orixinados nos incendios de xuño en Portugal nin se produciu a esborrallada deles. Algúns dos incidentes de Galicia estiveron na categoría 2, de incendios extremadamente grandes (>2500 ha), suxerida por Fernandes *et al.* (2014).

Por outra banda, moitos destes incendios da zona oeste galega xeraron escenarios en que predominou unha severidade do lume moderada (Figura 7), en principio non esperable, dada a elevada intensidade lineal do incendio e a sequidade do solo. Esta resposta produciuse por propagarse o lume sobre todo a través de eucaliptais, que, debido á elevada altura media da base da copa, non resultan tan propicios para o lume copa como os piñeirais. Ademais, algunhas zonas de eucaliptal eran de plantacións ben xestionadas, con combustibles do estrato superficial tratados, o que restou potencia ao lume. De calquera forma, o rápido avance do lume, propiciado pola emisión de faíscas –máis frecuentes en eucaliptais– e a creación de numerosos focos secundarios, logo da súa aterraxe e da ignición duns combustibles sumamente secos, deixou numerosas «illas verdes» pequenas sen arder. Por exemplo, na Figura 7 pódese ver que a porcentaxe da área non queimada dentro do perímetro da área cuberta polo lume foi 11,9 %, e un 22,8 % a suma do anterior e dunha severidade baixa, mentres pouco máis da metade da superficie afectada polo lume (55,8 %) tivo unha severidade alta e moi alta. Estas cifras foron moi similares para todos os incendios daqueles días na provincia de Pontevedra (Picos *et al.* 2019) e aínda Ourense (Chas-Amil *et al.* 2020), que xeraron áreas queimadas con severidade baixa a moderada na súa maioría. Ademais, a alta velocidade do lume deu lugar a unha penetración da calor no solo menor que noutros incendios máis lentos. Iso resulta nunha severidade do lume nos estratos orgánicos e o solo superficial inferior á esperada nun principio a teor da baixa humidade do humus e do solo, reflectidos polos indicadores DMC e DC. De feito, Sobrino *et al.* (2019) observaron que a severidade media do lume nos solos do incendio de Padróns-Ponteareas (Pontevedra), medida en áreas onde a severidade do lume na vexetación foi moi alta-extrema, tivo un valor medio moderado.



IF Padróns - Ponteareas
Día inicio: 15/10/2017
Hora inicio: 00:26
Superficie = 8892 ha

Porcentaxe de superficie queimada para cada nivel de gravidade




Figura 7. Imaxe da severidade do lume no incendio de Padróns, en Ponteareas (Pontevedra), mediante o índice espectral dNBR obtido de información do satélite Landsat-8, e porcentaxe da área queimada afectada polos diferentes niveis de severidade do lume. sq= sen queimar, baixa= baixa severidade, mod. baixa= severidade baixa a moderada, mod. alta= severidade moderadamente alta, alta= severidade alta, moi alta= severidade moi alta

O CAMBIO CLIMÁTICO NO POSTINCENDIO

Varias consecuencias dos incendios poden verse magnificadas ou reducidas polas alteracións climáticas, aínda que, como se indicou, subsiste unha elevada incerteza respecto ás tendencias de moitos dos parámetros climáticos. A subida da temperatura media en arredor de 1,5 °C cara á metade do século actual en

Galicia, xunto a un descenso das precipitacións na primavera (Martínez de la Torre e Míguez Macho 2009), implicaría unha maior sequidade na vexetación, o que propiciaría un estrés hídrico nela. Este induciría unha maior mortalidade directa da vexetación causada polo incendio e o seu enfraquecemento que podería afectar á súa capacidade de recuperación postincendio (Resco de Dios 2020). Tamén o recrutamento de novos individuos, a partir de semente e mesmo de cepa, podería verse prexudicado, o cal limitaría a rexeneración natural da vexetación despois do incendio (Vega 2003). Este descenso da resiliencia da vexetación ao lume, debido ao cambio climático, é considerado un perigo crecente en moitos ecosistemas (Stevens-Rumman *et al.* 2018). A conxunción de maior aridez poslume, tras lumes máis frecuentes, podería inducir á perda da cuberta arbórea e favorecer un proceso de conversión en matogueiras, como é evidente xa en moitos lugares de Galicia (Regos *et al.* 2014) e foi ben documentado noutras partes da Península (Pausas 1999, Díaz-Delgado *et al.* 2002, Lloret *et al.* 2003, Rodrigo *et al.* 2004, Espelta *et al.* 2008, Moreira *et al.* 2011, Taboada *et al.* 2017, Fernández-García *et al.* 2019, Baudena *et al.* 2019). Ao mesmo tempo, a sequidade máis alta da cuberta orgánica e o solo antes do incendio propiciaría unha maior gravidade do impacto do incendio no solo (Fernández Filgueira *et al.* 2013, Vega *et al.* 2013a e 2013b, Fontúrbel *et al.* 2017a, García-Oliva *et al.* 2018, Merino *et al.* 2018), coas consecuencias de maior degradación e maior susceptibilidade á erosión pluvial tras o incendio en Galicia (Fernández e Vega 2016a). A xestión da vexetación queimada ten tamén repercusión na súa rexeneración (Vega *et al.* 2008 e 2010a, Fernández *et al.* 2008, Fernández e Vega 2016b) e podería reforzarse o seu efecto debido ao clima posterior ao lume.

Con todo, as proxeccións climáticas non son conclusivas respecto á futura distribución da choiva no outono en Galicia. Así, mentres Cruz *et al.* (2009) apuntaron a un incremento da choiva outonal, concentrada en menos días, Álvarez *et al.* (2011 e 2012) presentaron un cadro máis impreciso. Se o cambio global promove un maior crecemento, non planificado, da interface urbano-forestal, é probable que nos próximos anos o risco de danos hidrolóxicos postincendio á poboación sexa máis elevado.

AIGUNHAS CONSIDERACIÓNS E PROPOSTAS DE ADAPTACIÓN AO NOVO ESCENARIO

Factores do cambio global como o crecemento e continuidade da superficie forestal, a expansión das especies produtivas inflamables e as matogueiras, o absentismo do silvicultor e o abandono da actividade agraria foron actuando en Galicia desde hai xa bastantes décadas. Mentres tanto, aínda que a vexetación arbórea autóctona, pouco inflamable, tamén aumentou nese período, continuou presentando unha superficie fragmentada e insuficiente para influír, a nivel da paisaxe, na ralentización da propagación do lume nos grandes incendios. Polo que respecta ao cambio climático, a información comentada mostra que se foron producindo, polo menos desde principios dos setenta, un adianto e unha maior duración da época de perigo de incendio en Galicia, asociados a un empeoramento nas condicións meteorolóxicas, que afectan ao comportamento e efectos do lume. O resultado foi un progresivo incremento da facilidade para a propagación do lume e da potencia dos incendios, o cal, unido aos cambios socioeconómicos habidos, fixo crecer o perigo para a poboación e aumentar a gravidade dos danos causados. A isto cabe engadir a maior recorrencia do lume en numerosas áreas forestais, que intensificou eses impactos e dificultou a rexeneración natural dos ecosistemas afectados, que viña sendo anteriormente boa, en xeral, en Galicia. O resultado desa recorrencia foi a transformación de numerosas áreas forestais de fustadíos en latizais e en matogueiras, implicando non só unha perda de recursos senón tamén a miúdo a degradación dos servizos ecosistémicos proporcionados polas formacións arbóreas (Vega, 2003) e un maior perigo dos combustibles. Esta situación pode agravarse no futuro, polas probables condicións máis adversas para a rexeneración postincendio, debido ao cambio climático, e a persistente tendencia a diminuír o período de retorno do lume en moitos montes galegos.

Os efectos do cambio global gañaron en visibilidade desde ao redor de 2006, debido a que as mudanzas nos combustibles e na interface urbano-forestal estaban moi consolidadas e, sobre todo, a que nos momentos de condicións meteorolóxicas máis desfavorables as pautas de ignición humana foron máis agresivas. Dado que unha das características do cambio climático é o incremento esperado dos eventos meteorolóxicos extremos (Jentsch e Beierkuhnlein 2008, Planton *et*

al. 2008, Smith 2011, IPCC 2014), desafortunadamente cabe esperar que os episodios de incendios como o sufrido en outubro de 2017 poidan ser máis frecuentes no futuro.

Ata agora o sistema de protección contra incendios forestais puido facer fronte nun tempo moi breve á gran maioría das situacións en Galicia. Con todo, existe incerteza respecto a se nos decenios vindeiros vai dar afrontado con éxito as consecuencias dun incremento sostido das condicións que propician un novo tipo de incendios, non só de grande extensión, senón tamén de comportamento moito máis virulento –e con episodios de forte simultaneidade de focos–, afectando áreas densamente poboadas, problema común a moitas rexións e países (Piñol *et al.* 2007, Podur e Wotton 2010, Moreira *et al.* 2011, Rodrigues *et al.* 2019a). Non obstante, é importante subliñar que ningún sistema de extinción existente no mundo pode facer fronte con éxito inmediato aos eventos de comportamento extremo do lume forestal, como os ocorridos en 2006 e 2017 en Galicia. Ante condicións meteorolóxicas extremas, os sistemas de extinción ou non poden operar ou son sistematicamente desbordados temporalmente (Brotons *et al.* 2013, San Miguel-Ayanz *et al.* 2013, Fernandes *et al.* 2016c, Tedim *et al.* 2018, Rodrigues *et al.* 2019b e 2020). Aínda máis, xunto a un escenario caracterizado pola conxunción dun cadro climático desfavorable, con combustibles perigosos e en cantidades altas, e dentro dun complexo e cambiante escenario socioeconómico, temos en Galicia outros agravantes que enfrontar. Por unha banda, hai moitas ignicións de accións incendiarias e negligencias, coincidentes con condicións meteorolóxicas extremas, e, por outra, subsisten tensións e conflitos non resoltos entre parte dos actores involucrados. No seu conxunto, o anterior non resulta o panorama máis favorable para encarar de maneira satisfactoria un problema crónico que, a partir de agora, corre o risco de facerse máis dificilmente gobernable.

En moitas rexións do mundo cun problema similar estase asumindo que son necesarias modificacións moi notables na estratexia da xestión do lume, en xeral, e de loita contra os incendios forestais, en particular, para adaptarse a un novo escenario de cambio global (Moritz *et al.* 2014, Olson *et al.* 2015, Thompson *et al.* 2015 e 2019) e iso é tamén necesario en Galicia. Mesmo así, non podemos perder de vista un aspecto esencial na nosa situación particular: as condicións meteorolóxicas desfavorables son necesarias para que se produzan

os megaincendios, pero non son suficientes. Na maioría das veces requírese a intervención humana para conseguir crealos. Dado que a frecuencia de episodios meteorolóxicos extremos é probable que aumente no futuro, o problema das ignicións, e particularmente das coincidentes cos eventos meteorolóxicos extremos, as «vagas de lume», é un problema de envergadura ante o que a nosa sociedade necesita reaccionar, mellorando a investigación de causas e solucionando os conflitos existentes que poidan facilitar comportamentos asociais. Porque non pode esquecerse que hai un trazo moi preocupante nos novos megaincendios do século XXI en Galicia. Durante a década dos noventa superáronse os dez mil incendios en varios anos e a superficie queimada máis grande tivo lugar en 1989, cunhas 198 000 ha, pero ardeu maioritariamente nas zonas de monte e non se produciron crises como as do 2006 e o 2017, nas que se tivo un número de incendios bastante menor pero con moitos máis danos e alarma á poboación. Unha diferenza substancial entre estas dúas situacións coa precedente de 1989 estivo na concentración espacial dos lumes e no elevado nivel de impacto na interface urbano-forestal nos dous episodios máis recentes, coincidindo con condicións meteorolóxicas graves (Balsa-Barreiro e Hermosilla 2013, Boubeta *et al.* 2015, Chas-Amil 2007). Por exemplo, nos incendios de 2017, Chas-Amil *et al.* (2020) determinaron que máis de 80 000 edificios e 85 000 persoas estiveron a menos dun km dun incendio. Ese aumento do número de persoas expostas ao lume introduce un novo elemento na estimación do risco da poboación durante o incendio, o que xera moita complexidade na tarefas de extinción, e tamén na avaliación dos impactos do incendio. Require tamén unha nova cultura na poboación en termos de autoprotección e de mellor comprensión do risco dos lumes, e tamén de novos consensos sociais.

Dado o carácter de risco sistémico do incendio forestal en Galicia, fai falta unha visión transdisciplinar que considere ese risco dunha maneira máis integral (Ager *et al.* 2015 e 2017, Paton *et al.* 2015, Tedim *et al.* 2015, 2016 e 2019, Thompson *et al.* 2019), en conexión cos diferentes usos da terra, e onde os aspectos socioeconómicos e ecolóxicos sexan máis tidos en conta. Medidas «transversais» que coordinen accións preventivas entre organismos públicos con competencias no territorio son requiridas con urxencia. Iso significa que a prevención ten que estar no substrato de moitas accións legislativas e de xestión diaria.

Moitos países están enfrontándose a situacións similares de risco sistémico, debido a incendios forestais, nestes últimos anos. Iso está a implicar a necesidade de cambios de estratexias na resposta aos lumes, non só na extinción dos incendios senón tamén na nosa consideración do lume cunha perspectiva máis ampla. Un verdadeiro cambio de paradigma está a ser preconizado desde a ciencia, que supón pasar dun baseado moi principalmente na loita contra o incendio a outro fundamentado nunha visión máis integral do lume, a súa conexión coa sociedade, e na adaptación á nova situación global (Tedim *et al.* 2019, Tedim e Leone 2020). Iso implica que tanto a sociedade como as organizacións de xestión de incendios deben colaborar máis estreitamente nesa resposta, comprender mellor o papel ecolóxico do lume e aceptar que a erradicación do lume non só non é posible senón que non é desexable ecoloxicamente. Iso representa un reto moi forte. En casos como o de Galicia, onde persiste un elevado número de ignicións e de intencionalidade non suficientemente aclarada en moitos lumes, requírese tamén un esforzo adicional para manter un dispositivo de extinción forte e profesionalizado ao tempo que as outras consideracións dos lumes precisan, así mesmo, unha atención moi especial.

A nova aproximación parte de que é preciso comezar por aceptar que nas rexións densamente habitadas desde a antigüidade e, polo tanto, onde o ambiente «natural» estivo, e continúa a estar, profundamente alterado e xestionado polo home, constitúen, de feito, sistemas humanos-naturais asociados (Liu *et al.* 2007). Iso significa que estes complexos sistemas socio-ecolóxicos ou socio-ambientais caracterízanse por estar fortemente conectados, de xeito que as accións dunha parte afectan fortemente á outra (Liu *et al.* 2007, Prior e Eriksen 2013, Butsic *et al.* 2015). Máis aínda, as rexións propensas ao lume son consideradas un exemplo paradigmático de desaxustes neses sistemas (Spies *et al.* 2014, Steelman *et al.* 2016). Este é o caso de Galicia, cos trazos xa comentados. Esa situación é ás veces considerada como unha disfuncionalidade ou patoloxía socio-ecolóxica (Fischer *et al.* 2016). Esixe, por unha banda, cambios adaptativos das organizacións con responsabilidade de xestión territorial e na xestión do lume, baseada ata agora na extinción, e, por outra, da sociedade no seu conxunto e dos individuos.

Actualmente hai un amplo consenso científico sobre a necesidade de adaptarse á nova situación creada polo cambio global e corrixir a difuncionalidade na

relación entre a sociedade e o lume, o que implica aprender a convivir co lume (p. ex. Birot 2009, Moritz *et al.* 2014, Rego e Silva 2014, North *et al.* 2015, Tedim e Leone 2017, Schoennagel *et al.* 2017, Dunn *et al.* 2020), entre outras modificacións de estratexia. Este consenso debe tamén chegar gradualmente á sociedade, aos organismos que xestionan o territorio e ás organizacións implicadas na xestión dos incendios. A súa materialización é, con todo, complexa (Howitt 2014), xa que require cambios de mentalidade na poboación (Edwards e Gill 2016, Hamilton *et al.* 2018), líderes políticos e na estratexia do sistema xeral de xestión de incendios, e non está exenta de dificultade (North *et al.* 2015, Tedim *et al.* 2019, Hamilton *et al.* 2019, Steelman 2016, Thompson *et al.* 2015, Finney 2020).

Nese sentido, é necesario mellorar a comunicación do problema á sociedade, para propiciar unha comprensión máis real da situación vindeira, promovendo unha maior responsabilidade no uso do lume, así como o desenvolvemento dunha cultura de autoprotección. É moi importante crear unha sociedade consciente e informada dos riscos asociados ao lume, e autoprotexida, pero que ao mesmo tempo conte co lume como un elemento máis do sistema socio-ecolóxico no que está inmersa, que se sinta concernida co problema e contribuínte activa nas decisións tomadas polos xestores públicos (Everett 2002, Tábara *et al.* 2003, Hernando *et al.* 2012, McCaffrey *et al.* 2013, Marino *et al.* 2014, Tedim *et al.* 2016 e 2019). É preciso, polo tanto, facilitar a participación social e o consenso político sobre o tema porque, en definitiva, se trata dun problema colectivo complexo, que ten as súas raíces na nosa sociedade e lle corresponde a ela o principal papel na súa resolución (Tedim *et al.* 2015 e 2016, Bruña e Marey 2013 e 2017, Marey *et al.* 2015).

Así mesmo, necesitamos que esas ideas se transfiran no eido educativo a todos os niveis (Pardellas *et al.* 2018). Por exemplo, os contidos actuais dos textos escolares parecen estar contribuíndo pouco a un axeitado enfoque dos incendios. De feito, só transmiten unha imaxe negativa do lume. A miúdo mostran un moi baixo nivel de coñecementos ecolóxicos e técnicos e mesmo tendenciosos, con ideas despectivas sobre a actividade forestal produtiva, e desconectados da realidade social. Iso parece irónico nunha comunidade como Galicia, onde o conxunto da actividade industrial asociada ao sector forestal representa a terceira achega máis importante ao valor engadido bruto (VEB) industrial galego, e o

sector forestal un importante xerador de emprego (Picos 2018). A necesidade de entender que o lume desempeña un papel ecolóxico e que os seus efectos teñen aspectos positivos e negativos, diferenciar os efectos ambientais dos incendios de alta severidade dos do uso correcto do lume, aprender a convivir co lume e aceptar que maioría dos incendios forestais non son unha emerxencia son algúns exemplos de aspectos relativos aos lumes que necesitan ser transmitidos correctamente á sociedade. Os medios de comunicación poden desempeñar así mesmo un papel moi importante, axudando a crear unha cultura do lume máis axustada á súa realidade dual, que hoxe é considerada a máis axeitada no eido científico. Un bo nivel de preparación dos profesionais dedicados á transmisión da información relacionada cos incendios é decisivo, dada a súa forte influencia na resposta da poboación ao lume. Tamén un esforzo por utilizar fontes obxectivas (Xanthopoulos 2008, Delgado Arango *et al.* 2018). Ao mesmo tempo, a Administración debe contar con equipos profesionais que comuniquen a información relativa aos lumes forestais con coñecemento, transparencia e rapidez.

Crear espazos «defendibles» ao redor dos núcleos habitados e velar polo seu mantemento e operatividade son, sen dúbida, labores urxentes e necesarios para a protección da vida humana e infraestruturas, pero eses espazos deben establecerse con criterios flexibles que permitan modular as súas características en función do risco local (Elia *et al.* 2014). O seu deseño, xestión e especialmente o seu mantemento supoñen importantes retos, non só económicos senón de transformación da paisaxe e recuperación de usos alternativos da terra (Moritz *et al.* 2014). Por outra banda, é preciso fomentar a responsabilidade e a cooperación dos propietarios forestais e institucións e diversos grupos sensibilizados para desenvolver unha xestión silvícola adecuada que reduza a ameaza actual duns combustibles parcialmente descontrolados. Sería necesario incentivala con axudas ao asociacionismo e ao emprendemento (Chas-Amil *et al.* 2015, Parlamento de Galicia 2018, Fischer e Charnley 2012, Alló e Loureiro 2016). No caso de Galicia, con multitude de pequenas propiedades abandonadas, onde os combustibles supoñen un elevado perigo para as zonas circundantes, son necesarias medidas que faculden á Administración para velar pola protección do conxunto da sociedade.

O apoio da ciencia na xestión do lume (Pyne 2007), axudándoa a conectar mellor coas necesidades sociais e económicas da comunidade (FAO 2008, 2011

e 2012), é tamén moi necesaria (Thompson *et al.* 2015 e 2018, Dunn *et al.* 2020).

Precísase con urxencia, na xestión do lume forestal, combinar o paradigma da extinción *sempre e incondicional* co dunha prevención máis activa e participativa, para ir definitivamente potenciando a segunda. Iso tería que realizarse no marco dunha ordenación de usos do territorio máis integrada que a ata agora, levada a cabo de xeito moi sectorial (Collins *et al.* 2013). Non obstante, ese cambio ten que efectuarse progresivamente en territorios como Galicia e, á vista dos resultados, mentres subsista un número elevado de lumes incontrolados.

O tema dos incendios é o suficientemente complexo como para que non se poidan establecer receitas sinxelas e xerais. Unha gran cantidade de achegas e propostas están emerxendo nos últimos anos respecto á mellor estratexia que seguir fronte aos incendios do cambio global, vindo tanto de organismos públicos como de grupos de investigación (p. ex. Wildland Fire Leadership Council 2014, European Commission 2018, Comité de Lucha contra Incendios Forestales 2019, Tedim *et al.* 2019, Alcasena *et al.* 2019, Bowman *et al.* 2020, Moreira *et al.* 2019). A título de exemplo, na Figura 8 indícanse os principais campos de accións que acometer antes, durante e despois do incendio suxeridos pola proposta de Tedim *et al.* (2019). Está baseada nos principios de xestión do risco, aceptación do papel ecolóxico do lume e a participación social; defende o cambio de paradigma, desde *loitar contra o lume a progresar co lume*.

Na situación de Galicia, unha estratexia baseada no uso combinado da protección total en áreas críticas, restauración parcial ordenada do uso do lume e unha extinción matizada, na liña do recomendado por Pyne (2015), podería presentar problemas, dada a presión demográfica e o alto número de ignicións de causa descoñecida. A implementada actualmente nos Estados Unidos de Norteamérica, consensuada entre organismos públicos, organizacións non gobernamentais e comunidades (Figura 9), supón un cambio notable aínda que está presentando dificultades e atrancos para a súa plena implementación. Alcasena *et al.* (2019) suxeriron unha aproximación similar para o NE de España. Nun escenario social, cultural e bioxeográfico máis próximo a Galicia, Moreira *et al.* (2019) defenden para Portugal un cambio da extinción pola mitigación e adaptación, aceptando a inevitabilidade do lume no contexto de cambio global. Eles propoñen reequilibrar os gastos entre as accións de apagar o lume e reducir



Figura 8. Accións principais que desenvolver antes, durante e despois do incendio segundo a proposta de cambio de paradigma na xestión dos incendios forestais, segundo Tedim *et al.* (2019)

os impactos sociais e ecolóxicos negativos dos incendios de alta severidade. Aquí, mitigación refírese ás accións anticipativas (preventivas no sentido amplo) dos efectos negativos dos incendios. A súa proposta baséase en dous puntos clave. O primeiro busca promover cambios no territorio que o fagan menos vulnerable e máis resiliente, baseado nas ideas de «paisaxes intelixentes» (Hirsch *et al.* 2001, Fernandes *et al.* 2013, Tedim *et al.* 2016, Castellnou *et al.* 2019, onde os cultivos agrícolas, o pastoreo e o silvopastoreo crean discontinuidades nos combustibles a escala de territorio. O segundo céntrase en reducir o risco para os humanos e as infraestruturas, mediante tratamentos de combustible estratéxicos (Ager *et al.* 2010 e 2017). Ás infraestruturas habería que engadir en Galicia certos servizos ecosistémicos críticos, como a calidade da auga e a conservación dos solos, entre outros.




Figura 9. Os catro eixes directrices da actual estratexia cohesionada nacional de xestión dos lumes forestais nos Estados Unidos de América (Wildland Fire Leadership Council 2014).
En azul claro os obxectivos principais. En gris claro os principais desafíos

O Comité de Lucha contra Incendios Forestales, un marco de coordinación que agrupa aos organismos de defensa contra incendios das comunidades autónomas en España, propuxo recentemente (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2019) unha nova estratexia baseada en seis obxectivos (Figura 10). Pódese ver que considera a maioría dos principios comentados liñas máis arriba.

A volta a un mosaico agroforestal de usos tradicionais da terra parece desexable desde o punto de vista da defensa contra lumes catastróficos e inscríbese no contexto de «paisaxes intelixentes». Foi proposta hai algúns anos (Loepfe *et al.* 2010) e máis recentemente amplamente preconizada (Fernandes *et al.* 2014, Castellnou *et al.* 2019, Aquilué *et al.* 2020, Campos *et al.* 2020, Moreira *et al.* 2019, Pais *et al.* 2020), máis ou menos asociada a unha proposta de nova agricultura de alto valor cultural e máis respectuosa co medio natural. Por exemplo, no incendio catastrófico de Pedrogão Grande (Portugal), Tedim *et al.* (2018) detectaron que as manchas de terreo non queimadas correspondían principalmente a zonas onde a interface urbano-forestal e a vexetación coexistían. A maioría destas




Figura 10. Obxectivo xeral e parciais da estratexia de xestión dos incendios forestais proposta polo Comité de Lucha Contra Incendios Forestales (MAPA, 2019)

zonas constaban de asentamentos humanos rodeados de terras agrícolas, ás veces asociadas a pequenas masas de caducifolias, tamén a pequenas manchas de plantacións de eucalipto moi novas e de especies caducifolias próximas aos ríos. Esas manchas non queimadas atopáronse menos frecuentemente en plantacións adultas de eucalipto. A menor área queimada nas zonas agrícolas foi a interface urbano-agrícola e a interface de cultivos con especies caducifolias, un feito ben comprobado en numerosos países do noso contorno (Nunes *et al.* 2005, Bajocco e Ricotta 2008, Moreira *et al.* 2009 e 2011, Carmo *et al.* 2011, Oliveira *et al.* 2014) e tamén en Galicia (Calviño-Cancela 2014, 2016 e 2017, Picos *et al.* 2019). Iso é debido principalmente á conxunción de menor carga e conectividade de combustibles existentes, menor inflamabilidade e maior humidade nas zonas onde esa vexetación medra. Tamén pola maior rapidez e facilidade de intervención e concentración dos recursos de extinción nelas.

Aínda que as tendencias do cambio global non parecen favorecer un retorno da poboación ao rural e a reactivación dos usos tradicionais, unha reordenación e diversificación deses usos da terra, incluíndo pastoreo controlado, cultivos agrícolas e aproveitamento de recursos diversos, podería ser de grande axuda.

Trataríase de apoiar e desenvolver unha bioeconomía forestal (European Forest Institute 2019) e manter e expandir as actuais devasas formadas arredor dos núcleos habitados (as chamadas faixas secundarias de xestión de biomasa) coa inclusión de cultivos e pasto (Moreira *et al.* 2009, Moreira e Pe'er 2018, Pais *et al.* 2019) que axudasen á súa rendibilidade. Non obstante, non se pode esquecer que a interface agrícola-forestal adoita ser unha zona de alta frecuencia de incendios en toda Europa (Ganteuame *et al.* 2013), na Península Ibérica (Catry *et al.* 2009, Martínez *et al.* 2009, Martínez-Fernández *et al.* 2013, Ortega *et al.* 2012) e tamén en Galicia (Chas-Amil *et al.* 2010, 2013 e 2020, Barreal e Loureiro 2013, Barreal *et al.* 2012, Prestemon *et al.* 2012, Rodrigues e De la Riva 2014, Rodrigues *et al.* 2019). Polo tanto, esas actuacións teñen que vir da man doutras complementarias que desactiven conflitos previos sobre o uso da terra. Iso parece particularmente necesario en Galicia, dada a tradición de recorrer ao lume como expresión de conflitos e a persistencia dunha alta proporción de lumes de causa descoñecida que suxire a existencia de conflitos non resoltos.

É importante decatarse de que a nova situación require actuar sobre os combustibles a escala da paisaxe xa que é o escenario onde resulta esencial alterar a conectividade dos combustibles (Viedma *et al.* 2009, Ager *et al.* 2017, Alcasena *et al.* 2019, Martín-Martín *et al.* 2013, Salis *et al.* 2018, Sil *et al.* 2019, Palaio-logou *et al.* 2020) para poder influír en incendios como os dos eventos extremos, que desenvolven tamén unha dinámica de propagación a grande escala, cunha enorme potencia e que posiblemente tenderán a incrementarse cada vez máis, probablemente involucrando de forma crecente áreas habitadas. Iso esixe accións transversais de coordinación de diferentes departamentos da Administración e priorización dos criterios de prevención de incendios nas diferentes actuacións levadas a cabo por eles.

No ámbito forestal máis estrito, o das masas arbóreas, nin toda a silvicultura pode virar arredor do problema dos incendios nin pode facerse de costas ao lume (Vega 2015). En calquera caso, tórnase imperativo polo menos un aumento substancial dos tratamentos preventivos en superficies «estratéxicas», é dicir, aquelas onde as intervencións poden servir de axuda efectiva na defensa doutras de gran valor ou potencien a capacidade de extinción do lume. Producíronse numerosas achegas sobre este tema nestes últimos anos (p. ex. Finney 2001, Schmidt *et al.* 2008, Wei 2012, Wei *et al.* 2008, Ager *et al.* 2010 e 2017,

Alcasena *et al.* 2015, 2018 e 2019, Thompson *et al.* 2013 e 2016, Salis *et al.* 2016, Madrigal *et al.* 2018, Quílez *et al.* 2020). Iso ofrecería tamén mellores oportunidades para unha extinción máis segura e eficaz (Rodríguez e Silva *et al.* 2014, Thompson *et al.* 2016 e 2019, Picos 2018, González-Olabarría *et al.* 2019, Quílez *et al.* 2020). O gran reto é planificar e executar esas áreas e especialmente mantelas operativas nun clima como o de Galicia, de alto crecemento da vexetación. Tamén artellar unha resposta unitaria en multitude de pequenas fraccións de terra de propiedade particular (Fischer e Chandley 2012, Parlamento de Galicia 2018). A utilización da silvopascicultura (Rigueiro *et al.* 1999, 2002 e 2009, Mosquera *et al.* 2005, 2018a e 2018b), coa mestura de especies forestais e pratenses, e o uso do gando poderían ser ferramentas eficaces no control da excesiva acumulación de vexetación, tanto en zonas de arboredo como en matogueira. Tamén tratamentos como a queima prescrita (Vega *et al.* 1994, 2000b, 2001 e 2010b, Vega e Vélez 2000, Fernandes 2015 e 2018, Fernandes e Botelho 2003, Marino *et al.* 2012, Fernandes *et al.* 2013) e trituración ou roza selectiva poderían combinarse cos anteriores coa mesma finalidade (Fernández Filgueira *et al.* 2012, 2013a, 2013b, 2013c, 2013d e 2015, Fontúrbel *et al.* 2017b, Lasanta *et al.* 2018, Ruiz-Mirazo *et al.* 2011). Así mesmo, a extracción de biomasa con fins enerxéticos (Madrigal *et al.* 2017), alén da mestura das masas forestais con cultivos, a agroforestería (Smith 2010, Kay *et al.* 2019, Daminaidis *et al.* 2020), os novos aproveitamentos e revaloración da economía do carbono, a mellora de biodiversidade e doutros servizos ecosistémicos e intangibles forestais. Todo iso en liña coa nova visión da bioeconomía forestal (Wolfslehner *et al.* 2016, Laakonen *et al.* 2018, Ludwig *et al.* 2019, Ilaria *et al.* 2020).

As plantacións de eucalipto son invocadas ás veces como coadxuvadoras ao elevado número de incendios forestais en Galicia (Cordero 2017). Aínda que se necesitan máis estudos para verificar esa cuestión, Marey (2019) argumentou recentemente que o 70 % das parroquias catalogadas polo Pladiga (Xunta de Galicia 2019) como de alta actividade incendiaria (polo seu alto número de incendios nos 5-7 anos precedentes e a gran superficie queimada nos 10 anos inmediatamente precedentes) non ten ningunha superficie plantada de eucalipto. Ademais, naquelas en que hai eucalipto, a superficie ocupada por este non excede o 8 % da superficie da parroquia. Independentemente do anterior, nas

200 parroquias de Galicia que teñen máis do 50 % da súa superficie cuberta de eucaliptais, a media do número de incendios nos últimos 10 anos foi bastante baixa (2,59 incendios por parroquia) e no 30 % delas non se produciu ningún incendio nos últimos dez anos, a pesar de que existiron todos os anos períodos de alto risco que facilitarían a ignición e propagación do lume. Tamén, unha recente investigación en Portugal, con características bioclimáticas e socioeconómicas similares a Galicia (Fernandes *et al.* 2019b), concluíu que non se puido demostrar que a expansión do eucalipto, ocorrida basicamente entre 1980 e 2017, fose influente no incremento da área queimada no país nese período. De feito, o tamaño de incendio durante ese período foi independente da composición das masas forestais ardidas. As variables que explicaron máis variabilidade interanual na área queimada foron, por esa orde, o perigo meteorolóxico, o número de lumes < 1 ha, a presenza de episodios de inestabilidade atmosférica moi pronunciada e a área queimada acumulada nos seis anos anteriores.

Coma outras moitas especies forestais e de matogueira, os piñeiros e eucaliptos, principais especies dos montes repoboados galegos, son inflamables, pero o comportamento do lume pode ser moi diferente nas súas plantacións, dependendo da estrutura das masas. Esa variable ten un efecto xeralmente máis pronunciado que a especie no comportamento do lume (Fernandes, 2009, Fernandes *et al.* 2019, Arellano *et al.* 2017), exceptuando as caducifolias, cunha menor inflamabilidade, no sentido amplo do termo. Por exemplo, os poboamentos forestais xuvenís son máis propensos aos lumes de copa, independentemente da especie, dada a menor altura da copa e a maior cantidade de mato no sotobosque, asociada a esa etapa de desenvolvemento. Así, Fernández-Alonso *et al.* (2013 e 2016) encontraron que a densidade aparente da biomasa foliar da copa e a altura da base da copa dos piñerais galegos son importantes para avaliar a súa susceptibilidade ao lume de copa. Tamén que esa variable e a cobertura de matogueira baixo arboredo tiveron marcada influencia no nivel de severidade do lume, nun conxunto analizado de incendios en Galicia.

Mentres tanto, un factor asociado a eses dous tipos de vexetación que pode ter peso na área queimada é a continuidade das súas masas, favorecida pola extensión relativa ocupada por elas e a expansión das matogueiras, debido ao abandono da actividade agrícola e pastoral, que contribúe á conectividade do combustible a nivel de paisaxe. É, por tanto, razoable esperar que ambos os tipos

de vexetación teñan un peso relativo na área anual queimada, como ocorre no norte e centro de Portugal, cunha vexetación similar (Fernandes *et al.* 2016a, Fernandes e Guiomar 2017). Por conseguinte, as intervencións de silvicultura preventiva nesas masas son moi necesarias. De calquera xeito, diversos estudos (Moreira *et al.* 2009 e 2011 Carmo *et al.* 2011) indican que as diferenzas relativas aos tipos de cubertas forestais, en termos de maior ou menor propensión a arder, son relativamente pequenas (Rego e Silva 2014), aínda que as caducifolias mostran unha menor facilidade de ignición e propagación do lume. Ademais, a influencia do tipo de cuberta vexetal forestal faise pouco relevante cando aumenta o tamaño do incendio (Barros *et al.* 2014, Fernandes *et al.* 2016a) ou cando as condicións meteorolóxicas son extremas (Turner e Romme 1994, Bessie e Johnson 1995, Fernandes *et al.* 2016b e 2019, Assembleia da República 2017 e 2018). Así, Picos *et al.* (2019) observaron nos grandes incendios de outubro de 2017 en Pontevedra que a severidade media do lume en eucaliptais, coníferas e caducifolias difería pouco, co dano á copa de eucalipto moi variable e só un 5 % maior que nas especies nativas de folla caduca. Tamén Fernandes *et al.* (2019b) encontraron que o tipo de bosque tivo unha influencia menor sobre a severidade do lume nos megaincendios de 2017 en Portugal.

Unha conclusión práctica que pode extraerse do anterior é que o importante non é tanto a especie como a xestión do combustible que se fai. Por exemplo, as masas tratadas de plantacións de especies produtivas poden ter un nivel de perigosidade asumible, e especialmente cando eses tratamentos son complementados con outras accións preventivas a unha escala territorial adecuada. O problema é que, en moitos casos, esas plantacións nin foron nin están a ser acompañadas das necesarias actuacións silvícolas mencionadas sobre os combustibles.

